


CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

28-29 de setembro do 2024

XXVI ORDINARIO B



Os COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,
CON RESPONSABILIDADE COIDADORA ANTE A COVID-19
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *nº 4 Amigos nas penas e na festa amigos*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

Xesús quere ensinar aos seus discípulos e a nós a forma de vida que temos que ter os que queremos seguilo e nos chamamos cristiáns.

E moitas veces pensamos que esta forma de vida e comportamento é exclusiva nosa: cremos que só nós vivimos estes consellos de Xesús e por iso somos os únicos que facemos caridade; cremos que somos os únicos que nos preocupamos polos demais e cremos que somos as únicas boas persoas que fan ben. Crémonos que o que non sexa cristián non pode facer o ben. Que equivocados estamos.

No evanxeo de hoxe o mesmo Xesús nos di que a súa forma de vivir e crer non é exclusiva de ninguén: facer o ben é unha opción para calquera.

Vale a pena atender esta Palabra de Xesús, é para nós.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante *Invoquemos a misericordia de Deus polas veces que facemos do camiño de fe algo exclusivo noso e desprezamos aos que non pensan coma nós sen ter en conta o que Xesús nos ensinou. Queremos pedir perdón porque queremos facelo mellor:*

Monitor/a

➤ Señor, queremos facelo mellor para que na nosa vida de cada día sexamos exemplo do teu evanxeo estando atentos aos demais. Señor, téndenos a túa man

➤ Señor, queremos facelo mellor para que na nosa vida de cada día non te consideremos como exclusivamente noso. Cristo, téndenos a túa man

➤ Señor, queremos facelo mellor para que na nosa vida de cada día fagamos da xustiza e da caridade opcións fundamentais da fe. Señor, téndenos a túa man

Celebrante: *Deus, Pai agarimoso, ten piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida. A todos, o Señor nos concede o perdón e nos leva á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior, desexando facelo mellor cada día.*

(silenzio)

Celebrante:

Deus, Noso Pai,
Ti manifestas a grandeza
na misericordia e no perdón.

Sigue enchéndonos sempre coa túa graza,
para que camiñemos con entusiasmo
cara aos bens que nos prometes
e cheguemos a participar deles na gloria.

Pedímoscho por Xesucristo, teu Fillo,
que vive e reina por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante:

Hoxe a carta de Santiago esixe aos cristiáns que non calemos ante a corrupción, a inxustiza ou a explotación de calquera.

Xesús dinos que temos que aceptar a todos e ter en conta calquera acción que se realice por pequena que sexa (como dar un vaso de auga) en favor dos demais.

Escoitámolo agora na Palabra de Deus.

LECTURA DA CARTA DE SANTIAGO

E vós, os ricos, chorade e berrade polas desgrazas que van vir enriba de vós. A vosa riqueza está podrecida; a vosa roupa chea de couza; o voso ouro e a vosa prata, enferruxados; e a mesma ferruxe será testemuño en contra vosa e, coma se for lume, comerá as vosas carnes. ¡Estades atesourando na fin dos tempos! ¡Atención! O xornal que non lles pagastes aos obreiros que vos fixeron a seitura está clamando e o seu berro chega aos oídos do Señor dos Exércitos. Vivistes na terra cheos de fartura e cebastes os vosos corazóns nos praceres para o día da matanza. Condenastes o xusto e matástelo sen que el vos fixese fronte.

Palabra do Señor



(en pé) Leccionario II B páx 251 Mc 9, 38-45 VANXEO

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MARCOS

Daquela díxolle Xoán a Xesús:

- Pois vimos un que botaba demos no teu nome e quixémosllo privar porque non é dos nosos.

Xesús contestoulle:

- Pois non llo privedes, porque ninguén que faga milagres no meu nome fala despois mal de min. O que non está contra nós, está connosco. Ademais, todo aquel que vos dea un vaso de auga por serdes seguidores de Cristo, tende por seguro que non quedará sen recompensa.

E a quen escandalice a un destes pequeniños que cren en min, éralle mellor que lle colgasen do pescozo unha pedra de muíño, e o largasen ao mar.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón

Ante a “intolerancia cos que non son dos nosos” (criterio dos discípulos), Xesús propón o criterio de facer o ben.

Os discípulos propoñen marxinar a todo aquel que non sexa dos seus, mentres que Xesús propón valorar a todo aquel, sexa quen sexa, que vaia pola vida dando unha man. É positivo que unha persoa faga o ben aínda no máis mínimo como dar un vaso de auga. O camiño é ser tolerantes e respectuosos con quen fai o ben, sexa ou non dos nosos.



Vivir sen escandalizar é outra das ensinanzas do evanxeo de hoxe. É admirable como Xesús se preocupa de coidar de todos, especialmente dos máis pequenos, por iso mesmo non permite comportamentos que non sexan coherentes. Os maiores escándalos son os xurdidos das incoherencias.

(en pé) PROFESIÓN DA FE

Celebrante: *Hoxe Xesús ensínanos o camiño da tolerancia con quen pensa, cre e vive diferente pero que loita xustamente por un mundo mellor. Nós, compartindo agora o credo, optamos por este camiño de tolerancia e respecto.*

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Monitor/a:

Credes en Deus, Pai e Nai de todos e todas, que non rexeita a ninguén e que convida a facer do mundo un verdadeiro fogar?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Credes en Xesús, irmán de todos e todas, que nos convida a seguir os seus pasos cunha opción fundamental pola xustiza e a caridade?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Credes no Espírito Santo que alenta no corazón da humanidade para facer un mundo mellor e máis xusto?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Credes na igrexa, familia dos homes e mulleres que queren seguir os pasos de Xesús sen facer diferencias e respectando a todas as xentes?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Na nosa oración de hoxe queremos ter presente as dores, loitas e sufrimentos dos nosos irmáns e irmás. Rezamos dicindo:*

APRÉNDENOS NO RESPECTO, SEÑOR

Monitor/a

- ✓ Porque ás veces vémonos na vida cheos de intolerancias, marxinações e discriminacións, oremos
- ✓ Porque ás veces facemos Igrexa con pouca tolerancia con quen pensa, vive e reza diferente, oremos
- ✓ Porque en Ti esperamos atopar forza e luz para saír adiante dos nosos problemas, e para axudar aos demais dende a xustiza e a caridade, oremos
- ✓ Por todos nós, porque só conseguiremos levar con dignidade o nome de cristiáns se traballamos por facer da vida un encontro permanente de servizo a quen necesita de nós: migrantes, enfermos, anciáns... oremos
- ✓ Polas familias e pobos que malviven na falta de paz por culpa dunha violencia escandalosa que de ningunha maneira podemos entender, oremos

Celebrante: *Señor Xesús, énchesnos de vida e atendes a nosa voz. En Ti confiamos e queremos ser de verdade respectuosos coma Ti nos ensinaches. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.*

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Acudimos ao Pai e pedímoslle que non nos deixe caer na tentación de desprezar a quen non pensa, vive ou reza coma nós. Aprendendo de Xesús facemos oración:*

NOSO PAI ...



SIGNO DA PAZ

Celebrante *O berro pola xustiza que escoitamos na Carta de Santiago é camiño para chegar á paz. Neste momento no que compartimos a paz de Deus alentando o noso corazón, desexamos que os pobos que malviven na violencia poidan soñar respecto e tolerancia. Sementémola coa nosa vida, pois está nas nosas mans. Fagámonos cribles.*

🎵 **nº 36 Fagamos a paz irmáns**

COMUÑÓN

Celebrante: *Os discípulos tiveron que ir pouco a pouco descubrindo que valía a pena compartir con Xesús o respecto co que facía ben. Descubriron que El era exemplo no trato digno con todas as persoas, e máis con aquelas que menos contaban.*

Sintámonos orgullosos por vivir a fe a exemplo de Xesús, compartindo e non competindo, e orgullosos tamén por poder enchernos de vida con este pan do Señor.

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 **nº 55 No colo da miña nai**

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, Noso Pai, que esta celebración nos sirva para renovar as nosas vidas.

Que nos faga compartir o xeito de Xesús na tolerancia, na xustiza e na irmandade.

E axúdanos a medrar no evanxeo, con palabras e feitos que testemuñen o exemplo de Xesucristo prezando a quen pensa, vive ou cree diferente.

Pedímoscho a Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.

Xesús móstranos que todos podemos ser testemuñas de compromiso, xustiza e paz. Facendo ben non importa se pensamos, vivimos ou cremos diferente.

**“Quen non está contra nós
está con nós”**



**“O camiño do BEN é para todos,
facelo con coherencia está nas nosas mans”**

Criterio de Xesús no Evanxeo de hoxe

Avísase das misas (ver folla do mes)

**Que teñamos un bo día, unha boa semana,
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén**

🎵 **nº 56 Ide e pregoade**

Podémonos ir en paz. Amén